

CP-09

COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS PARA INSTALACIONES OU ESTACIONES RADIOELÉCTRICAS

DATOS DO/A SOLICITANTE	DATOS DO NOVO SOLICITANTE			DNI/CIF
	DATOS DO SEU REPRESENTANTE			DNI/CIF
	Enderezo para efectos de notificación			Concello
	Código Postal	Teléfono 1	Teléfono 2	E-mail

SOLICITUDE	Emprazamento da instalación: Emprazamento..... N°..... Referencia catastral.....
	Descrición da instalación
	Cun orzamento de: €
	<p>DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesto, e, que achego a seguinte documentación que acredita:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Que as características indicadas reflicten fielmente as obras a realizar e instalacións a desenvolver. - Que non se van realizar obras suxeitas ao deber previo de obtención da licenza - Que a instalación se axusta ao Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión - Que non se superarán os límites de exposición ás emisión radioelétricas establecidas no Anexo II do RD 1066/2001 - Que as obras non afectan a elementos catalogados ou cando teñan impacto en espazos naturais protexidos - Que as obras dan cumprimento á normativa municipal do Concello de Ferrol e normativa sectorial aplicable - Que a instalación cumpre coas medidas de seguridade necesarias segundo o disposto na normativa vixente - Que se respectarán as normas de boa construción, convivencia cidadá e respecto polo descanso dos veciños - Que se cumprirán os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos - Que se dispoñen das autorizacións para a ocupación de dominio público ou sectoriais que resulten preceptivas - Que no caso de dispoñer de maquinaria, estará instalada sobre soportes antivibratorios e illada de paredes medianeiras e forxados - Que as instalacións de climatización cumpren coas normas de instalación fixadas na vixente lexislación - Que se utilizará a mellor tecnoloxía dispoñible que sexa compatible con minimizar o impacto visual e ambiental de preservación da saúde das persoas. - Que achego toda a documentación preceptiva - Que realizarei as obras de conformidade co proxecto técnico achegado
<p>E COMUNICO que iniciarei as obras a partires do día(A comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de 15 días hábiles) cun prazo de execución de.....</p> <p>Unha vez rematada a obra, e previo ao inicio da actividade, o/a solicitante comprométese a presentar a comunicación previa do inicio da actividade (impreso CP-06) achegando a seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Certificado final de obra/instalación, asinado por técnico competente e visado por colexio profesional correspondente - Autorización da posta en servizo da Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións 	

ADVIRTESE QUE consonte co disposto no apartado 4º do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común *a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a Administración competente da declaración responsable ou da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houberse lugar.*

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo isto, consonte aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación

AUTORIZO aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da obra a executar.

Consonte coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Ferrol. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito e presentándoo perante o Rexistro do Concello.

DOCUMENTACIÓN
A PRESENTAR

- Impreso CP-09 de comunicación previa de obras para instalacións ou estacións radioeléctricas

Datos identificativos do solicitante:

- Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
- Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación e Escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda.

- Carta de pagamento:** será confeccionada no momento de presentación da comunicación previa polo Rexistro de Urbanismo (Edificio de Urbanismo, 3º andar) debendo ser asinada copia ou ben xustificante de recepción pola persoa que presente a comunicación que asinará en representación do solicitante.

- Documento acreditativo da dispoñibilidade do inmovible** ou do espazo para a instalación (contrato de arrendamento, escritura de compravenda, etc.)

- Xustificación da aprobación do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio** do proxecto de instalación de telecomunicacións que inclúa a totalidade dos sistemas a implantar

- Proxecto técnico da instalación asinado por técnico competente**, incluíndo os planos de situación en cartografía oficial e deslinde, plantas, alzados e seccións da instalación e xustificación do cumprimento das Esixencias Básicas do "Código Técnico da Edificación" e demais normativa sectorial de aplicación.

O proxecto deberá recoller expresamente que dito emprazamento está autorizado no Programa de Implantación que corresponda e aprobado polo Concello de Ferrol, así como que deberá adecuarse ás determinacións da Ordenanza municipal de instalacións de telecomunicación por transmisión-recepción de ondas radioeléctricas, ao PXOM e do planeamento de desenvolvemento de aplicación.

- Nomeamento do técnico director da obra**, director de execución e coordinador de seguridade e saúde.

- Declaración responsable (ou certificado colexial)** dos técnicos competentes no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

- Reportaxe fotográfica**, incluíndo fotografías da totalidade da fachada, nos casos de instalacións sobre cubertas de edificios existentes e da zona de instalación, subscripta polo solicitante e polo técnico competente redactor da documentación.

As obras relacionadas que afecten ao patrimonio histórico-artístico estarán suxeitas ao deber de obtención de previa licenza municipal.

DATA E SIGNATURA	Data da solicitude	Sinatura do/a solicitante

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL